



MEMORIA EXPLICATIVA DA REGULACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA 2020.

De acordo co disposto no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 177/2016, de 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, correspóndelle á Consellería de Economía, Emprego e Industria o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Este convenio específico ten por obxecto a regulación da subvención, prevista nominativamente na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 na Sección 09 Consellería de economía, emprego e industria; Servizo 40 S.X. de Emprego, Programa 322C Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo; Concepto 444 a universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; Subconcepto 4440 Convenio co CIXUG para o impulso das novas leibts; Código de Proxecto 2015 00552 Denominación Convenio Universidade impulso leibts, segundo o establecido no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria-CIXUG, en consonancia coas metas que lle foron conferidas polas universidades integrantes, está a asumir as accións formativas e procedimentais específicas das tres universidades, entre outras, no ámbito das políticas en materia do apoio ao emprego e a dinamización laboral, creando de xeito coordinado procedementos, aplicacións e servizos cara a xestionar de forma coordinada as súas políticas de inserción laboral en xeral e, en particular, a formación do persoal técnico que actualmente está a desenvolver as actuacións en materia de orientación laboral, contando para isto co equipamento e co equipo educativo necesario.

En virtude do establecido na cláusula segunda (modalidades de colaboración) do Convenio Marco de Colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Fundación Barrié e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) en Materia de Xestión de Emprego e de Execución de Políticas Activas, asinado en Santiago de Compostela o 18 de xullo de dous mil catorce, constitúe un dos obxectos de





colaboración entre ambos axentes o "Fomentar o xurdimento de iniciativas empresariais de base tecnolóxica (IEBTS) no seo da comunidade universitaria vinculadas aos labores e aos resultados de investigación, transferencia, valorización e innovación que se desenvolven nas tres universidades galegas; e acompañar a estas iniciativas durante a súa creación e na súa posta en marcha para maximizar as súas probabilidades de éxito"

Na cláusula terceira do referido Convenio Marco (Convenios Específicos), cada un dos convenios específicos que se deriven del deberá abordar, entre outros, os seguintes aspectos:

- Partes participantes
- Obxecto do convenio específico
- Detalle do plan de traballo e actividades a desenvolver
- Compromisos das partes asinantes
- Achegas realizadas por cada un dos axentes participantes no convenio
- Normas de coordinación, execución e seguimento do proxecto, de ser diferentes das indicadas neste Convenio Marco.
- Nome e cargo de cada unha das persoas que, por cada parte, asinan o convenio.
- Gastos imputables, réxime de pagamentos e requisitos para a xustificación de gastos, no caso de que estean dotados de contido económico.
- Requisitos de publicidade do cofinanciamento, no seu caso.

A Lei de orzamentos para o ano 2020 establece o importe da subvención nominativa ao CIXUG nunha contía de 75.000 euros con cargo a aplicación orzamentaria 09.40.322C 444 0 2015 00552

En coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Economía, Emprego e Industria incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2020, dentro do EIXO 1 ORIENTACIÓN, un Programa Propio denominado "PP00 337 PROTOCOLO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FOMENTO DO EMPREGO, MELLORA DA ORIENTACIÓN E FOMENTO DO EMPRENDEMENTO".

